



# XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR  
Secretaría Xeral de Familia e Benestar  
Subdirección xeral de autorización e inspección de servizos sociais

Edificio Administrativo San Caetano  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfonos 981 957 681 Fax: 981 957 697

REGISTRO XERAL da Xunta de Galicia - P2  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN  
PÚBLICAS E XUSTIZA - SANTIAGO DE COMPOSTELA

21 XULL. 2009

NÚMERO

PROCEDEMENTO CAMBIO NÚM. IDENTIFICACION DO REXISTRO UNICO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS	COMUNICACIÓN DE MODIFICACIÓN DO CODIGO DE INSCRICION NO RUEPSS
--	--

SAÍDA

## DATOS XERAIS DE IDENTIFICACION

Denominación da entidade: PLAN COMUNITARIO DE TEIS		
Novo núm. de identificación: E-1429		CIF/NIF: G36791960
Enderezo: COUTADAS 59		
Concello: VIGO	Provincia: PONTEVEDRA	C.P.: 36207

O Decreto 291/1995, do 3 de novembro regulou o rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais e a Orde do 5 de febreiro de 1996 e a do 18 de xaneiro de 1996 desenvolveron polo miúdo, a regulación da súa xestión para cada un dos Departamentos dos que dependían as entidades que actuaban neste eido en función das diferentes áreas de actuación. Así aquelas entidades de maiores, discapacidade, comunidade e marxinación social inscribíronse no rexistro dependente da extinta Consellería de Sanidade e Servizos Sociais e as que actuaban no ámbito de infancia, familia, muller e menores no dependente da extinta Consellería de Familia, Muller e Xuventude.

Así a entidade de referencia inscribiuse no/s rexistro/s de entidades prestadoras de servizos sociais co/s número de identificación 1429

Nesta unidade non consta que a entidade teña inscrito ningún centro ou programa que contén coas correspondentes autorizacións administrativas para o funcionamento.

A Lei 13/2008 de 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia, que entrou en vigor o día 18 de marzo de 2009 establece no seu artigo 67 que as entidades prestadoras de servizos sociais titulares de centros, así como as que presten servizos, programas ou colaboren na xestión de servizos sociais, deberán estar inscritas, con carácter previo ao inicio das súas actividades, no **Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais** (en adiante RUEPSS) que estará adscrito ao departamento da Xunta de Galicia con competencias en materia de inspección de servizos sociais.

O tratamento informático para a unificación da xestión dos rexistros preexistentes ata este momento fai necesaria a modificación do número identificativo daquelas entidades que figuraban inscritas no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais nas áreas de familia, infancia e muller, e obriga a reenumerar os programas e centros dependentes de entidades inscritas no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais nas áreas de maiores, discapacidade, comunidade e outras problemáticas de marxinación social.

**Unha vez realizada a fusión entre os rexistros contidos en ambas dúas bases informáticas, comunícolle que a entidade de referencia identificarase a partir do próximo mes de agosto unicamente co seguinte código:**

**Código entidade: E-1429**

2.- Así mesmo comunícolle que dende o próximo mes de setembro porase en funcionamento un servizo web que lle permitirá acceder ao RUEPSS, a través da páxina web da Consellería de Traballo e Benestar (<http://traballoebenestar.xunta.es/>) e rexistrarse como usuario cualificado para acceder a xestión dos seus datos inscritos no RUEPSS garantíndolle ademais o acceso, rectificación, modificación e cancelación dos datos de